

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

TAXA POR LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ART. 1º - FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e polo art. 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencia de apertura de establecementos, a que se refire o art. 20.4 i) da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola lei 25/98 do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da devandita lei 39/88.

ART. 2º - FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividades municipal tanto técnica como administrativa tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidades e salubridade, e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais e xerais para o seu normas funcionamento.

Para tal efecto considérase apertura:

- A) a instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo as súas actividades
- B) a variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento aínda que continúe o mesmo titular
- C) a ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no nº 1 deste art esixindo nova verificación das mesmas

Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, aberta ou non ó público que non se destine exclusivamente á vivenda e que:

- A) se adique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial ou de servizos que estea suxeita o IAE
- B) complemente as actividades anteriores aínda que non se adiquen ó seu exercicio ou teñan relación coas mesmas de forma que lle proporcionen beneficios ou aproveitamentos, coma no caso de delegacións ou sucursais das entidades xurídicas, oficinas, despachos ou estudos.

ART. 3º . SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da LXT titulares da actividade que se pretende desenvolver, ou se é o caso desenvolvida en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ART. 4 - RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 da LXT
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da LXT.

ART. 5 - BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a Base imponible da presente taxa a cota do IAE consignada directamente nas tarifas.

ART. 6 - COTA TRIBUTARIA

Con carácter xeral a cota tributaria resultará de aplicar á base imponible o tipo de gravamen do 100%.

ART. 7º - EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non serán de aplicación outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

ART. 8º - RETRIBUCIÓN

1. A taxa retribúese e nace a obriga de contribuir ó se inicia-la actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da solicitude de licencia de apertura.
2. De se face-la apertura sen licencia previa a taxa retribuirase ó iniciarse a actividade municipal con independencia da iniciación do procedemento administrativo que se instrúa para autoriza-la apertura ou resolve-lo peche do local.
3. a obriga de contribuir non se verá afectada pola denegación da licencia ou o seu outorgamento condicionado á modificación das características do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante.

ART. 9º - XESTION

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial, ou mercantil presentarán previamente a solicitude no rexistro xeral, especificando a actividade ou actividades que pretenda desenvolver no local acompañando a alta no IAE.
2. Se despois de efectuada a solicitude de licenza de apertura se varía ou amplía a actividade do local, se alteran as condicións proxectadas ou se amplía o local, estas modificacións deberán comunicarse á Administración Municipal coas mesmas características do número anterior.
3. Practicada a liquidación da taxa notificarase ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais nos prazos que sinala o regulamento xeral de recadación.

ART. 10º - INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e as sancións correspondentes en cada caso, rexerá o disposto no art 77 e seguintes da LXT .

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, rexendo ata a súa modificación ou derogación.